



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



PLAN DE IGUALDADE

CIFP FRAGA DO EUME

(Novembro de 2021)



Xacobeo 21·22

CIFP Fraga do Eume
Avda. de Ricardo Sánchez, 3
15600 – Pontedeume
881 9304
ies.fraga.eume@edu.xunta.es www.edu.xunta.gal/centros/iesfragadoeume/



Fondo Social Europeo
Cofinanciado por el
programa Erasmus +
de la Unión Europea

UNIÓN EUROPEA

ÍNDICE

1. Introducción
2. Contextualización e normativa do centro
3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIFOBIA
4. Obxectivos coeducativos desenvolvidos a través do plan
5. Medidas concretas de actuación
6. Seguimento e avaliación

1. INTRODUCCIÓN

No marco da Unión Europea, a igualdade entre homes e mulleres constitúe un dos principios de actuación das institucións comunitarias que deben ter presente en todas as súas accións. Isto figura recollido no artigo 8 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. No eido concreto da educación a Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes despois de 2015 considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

No ámbito estatal o artigo 14 da Constitución española de 1978 que recoñece a igualdade ante a lei por razón de sexo así como o artigo 9.2. que recolle como obriga dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real.

Esta mesma idea e recollida na nosa Comunidade polo Estatuto de Autonomía, segundo o cal a promoción da igualdade debe estar presente en toda a actividade administrativa autonómica e, en especial en concreto na que ten que ver coa regulación e co fomento da educación.

No noso ámbito autonómico son moitas as disposicións normativas que recollen instrumentos para acadar unha educación e formación en igualdade entre mulleres e homes. Podemos comenar nomeando o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade establece no seu articulado:

Que o currículo que regula a práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo terá en conta que non se admitan contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

Que se teña especial cuidado no fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas

onde se atopen infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuízos.

Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoraas, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre outro en calquera ámbito da vida. Non se permitirá ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas e adolescentes, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres. Con tales efectos, nos regulamentos internos dos centros educativos, deberán explicitarse as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas”.

A Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero dedica o capítulo III do Título I ás medidas encamiñadas á formación e prevención da violencia de xénero, cuxa efectividade acada especial importancia en momentos, nos que este problema, de primeira magnitude en todo o Estado, segue presente e incluso con lamentables incrementos, para o cal tamén se debe considerar, tendo en conta que estamos referíndonos ao ámbito educativo, a persistencia de patróns de comportamento de dominación do home sobre a muller nas xeracións máis novas, tal como indican os últimos estudos oficiais, crebando tendencias que se cría que estaban en diminución.

Con respecto á integración da diversidade sexual débese ter en conta o establecido na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que dedica o capítulo V ás medidas no ámbito da educación establecendo o seguinte:

Estableceranse actuacións para combater o acoso escolar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, favorecendo a visibilidade do alumnado LGTBI e a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero. Así mesmo, informarase sobre os mecanismos de denuncia dos casos de acoso.

Para os efectos de favorecer a visibilidade e de integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual nos centros escolares, a consellaría competente en materia de educación favorecerá nos centros sostidos con fondos públicos a realización de actividades específicas próximas a datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo de dereitos a persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais”.

Os principios e valores que van a inspirar o noso plan de igualdade serán os seguintes:

Valores democráticos

A coeducación constitúe un modelo educativo que garante os valores sobre os que sustentan as sociedades democráticas (igualdade, liberdade, xustiza) pois garante a defensa dos dereitos humanos.

Transversalidade

A perspectiva de xénero integrarase no proxecto educativo como estratexia de introdución da transversalidade nas políticas públicas educativas.

Inclusión

A aplicación da perspectiva de xénero supón a erradicación de calquera situación de discriminación do alumnado por razón de sexo, xénero, identidade de xénero ou orientación sexual.

Igualdade de oportunidades

O centro educativo axuda á construción dunha sociedade libre na que mulleres e homes teñán as mesmas oportunidades de realización persoal e profesional.

Visibilidade

O plan de igualdade contribúe a transmitir un coñecemento libre de estereotipos que favorece a identificación e o recoñecemento de todos os saberes máis alá do xénero.

Ata o momento actual, previo a a probación deste Plan de Igualdade, as medidas adoitadas no centro a nivel organizativo relacionadas coa igualdade de xénero son as seguintes:

- Potenciase a mediación como ferramenta para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- Este ano vanse realizar varios documentos e plans de centros o cal nos permitirá facer a concreción dos obxectivos coeducativos a través dos ditos plans.
- Difusión dos obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización faise, fundamentalmente, no noso centro a través de charlas e formación nas horas de titoría.
- Definición das medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero, a través da realización de sesión individualizadas con unha educadora social, especializada na temática, naqueles casos nos que se fai necesario abordar o tema de xeito individualizado.
- Concreción dos contidos dunha educación afectiva-sexual integral para o alumnado de FPB na hora de titoría da FPB, a través do desenvolvemento, nesa hora, do programa de educación afetivo-sexual con perspectiva de xénero.
- Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero a través da realización de charlas onde mulleres en profesión subrepresentadas explican a súa experiencia persoal.
- Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oicial (25 de novembro, 8 de marzo e celebracións LGBTI), organizadas en ocasións dende o dpto. de orientación en colaboración cos concellos de Cabanas e Pontedeume e en outras ocasións plo grupo de Biblioteca ou dende o DIOP do centro.

A **Comisión de Igualdade** so CIEFP Fraga do Eume está formada por:

1. Presidenta ou Directora: Fátima Insúa López
2. Representante do DIOP: M^a Jesús Díaz Sánchez
3. Representante do Departamento de FOL: Xoán García Rodríguez
4. Representante do alumnado: Christian Filgueiras Delmonte

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

O preámbulo da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, sinala como un dos principais fins que se persegue coa educación e formación no respecto dos dereitos e das liberdades

fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas.

O artigo 1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece como principio de educación “**o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero**”. No artigo 2 dise que o sistema educativo se orientará a consecución de determinados fins, entre os que salienta a “**educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)**”.

Os decretos aprobados nos últimos anos que regulan cada currículo de ciclos formativos de Formación Profesional teñen como denominador común a presenza deste obxectivo de igualdade entre mulleres e homes na sociedade como finalidade primordial.

Respecto da Formación Profesional poderíamos referenciar a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, que encomenda as Administracións Educativas favorecer a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mediante actuacións tendentes a evitar calquera tipo de discriminación, a eliminar a segregación profesional horizontal e vertical e mais a eliminar a totalidade das desvantaxes de partida que afectan ó colectivo das mulleres.

A nivel xeral en todos os centros o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro), contempla a **integración do principio de igualdade entre mulleres e homes**, para o que resolve establecer, sobre a base de un diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e contera actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Así pois, entre os **principios informadores e fins das normas de convivencia** recóllese a educación en igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.

Respecto ao noso centro, este curso acaba de reconvertirse en CIFP, polo que os documentos do centro se están a elaborar este curso seguindo as directrices de calidade marcadas para os centros integrados de Formación Profesional da nosa Comunidade Autónoma. Motivo polo que este curso decídese solicitar formación a través do plan de formación permanente do profesorado e constituir un grupo de traballo para elaborar ó longo deste curso os documentos de centro e introducir neles cuestións organizativas relacionadas coa igualdade de xénero, cumprindo co establecido na lexislación vixente.

Na práctica do día a día no centro, se leva , dende fai anos, abordando esta cuestión, a través de diferentes accións como charlas, formación, actividades lúdicas e participación en diferentes programas de convivencia e igualdade da Consellería de Educación e da Deputación Provincial.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA

Se ben é certo, que a nosa situación de partida é moi favorable porque apenas se detectaron nos últimos anos incidencias relacionadas coa cuestión de igualdade de xénero nin de violencia de xénero, eso non pode ser motivo para descuidarse e é importante afondar na análise da situación e na detección de posibles debilidades, desequilibrios e fendas de xénero.

A continuación imos a facer unha pequena análise en relación co tema:

- No que respecta á representación de profesorado nos distintos órganos de decisión, non se observa ningún tipo de fenda por razón de xénero.
- No relativo á matrícula nos distintos itinerarios formativos, podemos dicir que varía cada ano sin que se poida apreciar unha pauta de xénero, salvo os ciclos de servizos en restauración que siguen estando un pouco máis masculinizados, mentres que en panadaría, repostaría e confeitaría tenden a estar un pouco feminizados, pero en ambos casos cada vez tendendo máis a paridade.
- A nivel de titulación e resultados académicos obtidos, observase que se ben, en xeral titulan por igual, sin fenda de xénero, sin embargo, os expedientes máis brillantes tenden a estar un pouco feminizados.
- Respecto ás necesidades específicas de apoio educativo ou nivel de vulnerabilidade polo grao de inclusión do alumnado no seu grupo de referencia, non se aprecia ningún tipo de fenda por razón de xénero, ó igual que ocorre co abandono dos ciclos, taxa de idoneidade e absentismo escolar, no que o xénero non se aprecia significativo en ningunha dirección.
- No rexistro de condutas contrarias á convivencia (conflictividade no centro) a fenda de xénero non é clara e concluínte.
- Respecto a participación en actividades extraescolares e complementarias, si se aprecia que as mozas tenden a ser máis participativas en xeral.

Como se pode apreciar na análise feita neste apartado, a situación do CIFP Fraga do Eume, de partida non é para nada unha situación onde predomine a fenda de xénero, senon que máis ben se tende ó equilibrio e os problemas relacionados con este aspecto son mínimos.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN nos catro ámbitos de actuación

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Procedemos agora a tratar os 3 últimos puntos do plan de igualdade, de xeito conxunto, de modo que se recolla para cada obxectivo coeducativo, as accións previstas para acadalo (medidas) e a avaliación de cada un deles a través dunha serie de indicadores de logro.

Os obxectivos agrúpanse en catro áreas concretas para facilitar o seu desenvolvemento e comprensión.

1. ÁREA: ORGANIZACIÓN DO CENTRO



- **OBXECTIVO 1:** Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.

Acción 1: Previamente a calquer elección para órganos do centro potenciarase que se presenten igual número de candidatos e candidatas mulleres e homes.

Indicador de Logro 1: A composición do Consello Social do centro é paritaria.

Indicador de Logro 2: O número de delegados/as home/muller tende a paridade.

- **OBXECTIVO 2:** Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade educativa.

Acción 1: Incluírse na Proxecto Funcional do centro

Acción 2: Publicarase na web do centro.

Indicador de Logro 1: O 70% do profesorado coñece o plan e implícase nas accións a desenvolver.

Indicador de Logro 2: O 70% da comunidade educativa coñece o plan.

- **OBXECTIVO 3:** Promover a formación do profesorado, e do alumnado en materia de igualdade.

Acción 1: O alumnado de FPB formarase a través do programa Vai por Diante, na hora de titoría, en colaboración co Programa de Prevención de Drogodependencias do Concello de Pontedeume.

O alumnado de Ciclos recibirá charlas ou talleres sobre a temática.

Acción 2: O alumnado participa na campaña “DE FRONTE” da Deputación de A Coruña, que apela ó compromiso individual e colectivo para loitar contra a violencia machista.

Se realizará unha actividade de *Visual Thinking*, e un xogo de *Scape Room*, a través da web defronte.gal, nas datas que marque a organización das actividades.

Visual Thinking: a partir de 3 microvídeos onde se abordan conceptos básicos arredor da violencia de xénero a través de gráficos con animación, se pretende incidir no alumnado sobre a prevención da violencia de xénero.

Vídeo 1: Qué é a violencia de xénero?

Vídeo 2: Dereitos, obrigas e recursos

Vídeo 3: Afrontamento e prevención

Scape Room: Actividade para seguir traballando co contido de visual thinking de xeito colaborativo.





Acción 3: O profesorado formarase participando en actividades de convivencia e igualdade que se desenvolvan no centro.

Indicador de Logro 1: O 70% do alumnado sabe o que é a igualdade de xénero e cita a lo menos 4 situacións de risco de violencia de xénero.

Indicador de Logro 2: O 80% do profesorado do claustro ten ferramentas para detectar conflitos asociados á materia de igualdade.

- **OBXECTIVO 4:** Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.

Acción 1: Realizar os novos documentos de centro con linguaxe inclusiva.

Indicador de Logro 1: Os documentos do centro en xeral, non sobrepasan o 20% de “erros” por uso de linguaxe non inclusiva.

Indicador de Logro 2: O número de delegados/as home/muller tende a paridade.

- **OBXECTIVO 5:** Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.

Acción 1: Continúarase a participar nos concellos de Cabanas e Pontedeume na realización de actividades coeducativas, e calqueira outras actividades que nos propoñan e nos parezan oportunas.

Indicador de Logro 1: O 60% do alumnado participan nas diferentes actividades plantexadas.

- **OBXECTIVO 6:** Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (19 de novembro, 25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI etc.)

Acción 1: Ó longo do curso plantéxanse actividades para celebrar determinadas datas coeducativas do calendario escolar.

Indicador de Logro 1: Faise ou participase como mínimo nunha actividade de centro o día 25 de novembro, o 8 de marzo e na celebración LGBTI.

- **OBXECTIVO 7:** Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.

Acción 1: O profesorado revisa o material didáctico que emprega co alumnado tendo en conta a perspectiva de xénero e cunha linguaxe inclusiva.



Indicador de Logro 1: Os materiais empregados non sobrepasan o 20% de “erros” por uso de linguaxe non inclusiva.

2. ÁREA: ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E SABERES

- **OBXECTIVO 1:** Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: facer referencia a mulleres relevantes nos sectores profesionais asociados ás titulacións ofertadas no centro, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...

Acción 1: Inclúese na programación e na práctica da aula, mulleres relevantes nos ámbitos profesionais relacionados.

Indicador de Logro 1: O 50% das programacións son revisadas e inclúen mulleres relevantes.

- **OBXECTIVO 2:** Realizar actividades de sensibilización na aula

Acción 1: Continuarase coas charlas do programa “Vai por diante” na hora de tutoría na FPB.

Indicador de Logro 1: O 60% do alumnado amosa interese e sensibilidade cando hai algún problema na aula en materia de igualdade.

3. ÁREA: XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E DAS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO

- **OBXECTIVO 1:** Difundir información a través dun taboeiro no centro.

Acción 1: Continuarase a colgar no taboleiro do centro toda a información relativa a actividades, charlas, programas...relacionados coa igualdade de xénero.

Indicador de Logro 1: O 60% do alumnado, cando os tutores os informan, xa coñecían a información previamente a través do taboeiro.

- **OBXECTIVO 2:** Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar

Acción 1: Mércaranse libros coeducativos e publicitaránse no espazo de novidades da biblioteca nun lugar destacado.



Indicador de Logro 1: O alumnado amosa interese por esas lecturas.

- **OBXECTIVO 3:** Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.

Acción 1: Fomentaránse os traballos ou actividades de aula empregando noticias de actualidade de prensa sobre casos de violencia de xénero ou de discriminación por motivo de xénero, na FPB.

Indicador de Logro 1: O 100% do alumnado, a lo menos unha vez ó longo do curso realizará un traballo ou actividade empregando contidos de actualidade sobre igualdade de xénero.

- **OBXECTIVO 4:** Xestionar as actividades de ocupación nos recreos para favorecer a inclusión.

Acción 1: Potenciarase o uso da mesa de pinpon, axedrez, xogo da rá... durante os recreos de xeito igualitario.

Indicador de Logro 1: A participación en ditas actividades tende a ser paritaria, rompendo as fendas de xénero.

- **OBXECTIVO 5:** Previr o acoso escolar, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero do alumnado na realización da fase de prácticas nas empresas como parte da prevención de riscos laborais.

Acción 1: Buscarase información por parte de titores e coordinador de FCT sobre as empresas as que acude o alumnado en relación co acoso sexual.

Acción 2: Eliminarase do catálogo de empresas para a FCT, aquelas nas que se producise con anterioridade algún incidente en materia de acoso sexual.

Indicador de Logro 1: Disminúe casi ata 0 os casos do alumnado que poida presentar queixas no centro por algún tipo de conducta percibida como inadecuada na empresa en materia sexual.

- **OBXECTIVO 6:** Promover a participación do sexo menos representado nas actividades do centro....

Acción 1: Potenciarase a participación de todo o alumnado en calquer actividade do centro, a través da información efectiva por parte dos titores.



Indicador de Logro 1: A participación do alumnado nas actividades do centro tende a paridade sen fenda de xénero.

4. ÁREA: INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR:

- **OBXECTIVO 1:** Promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes e o respecto cara á diversidade sexual de xénero.

Acción 1: Continuarase coas charlas de Atalaia Social, do programa “Vai por diante” en FPB e charlas e talleres para todo o alumnado do centro.

Indicador de Logro 1: O 60% do alumnado amosa interese e sensibilidade cando hai algún problema na aula en materia de igualdade.

- **OBXECTIVO 2:** Promover metodoloxías activas, participativas e cooperativas.

Acción 1: Os docentes fomentarán a participación de todo o alumnado na aula, facilitando que as actividades en grupo sexan paritarias en número de mulleres e homes.

Indicador de Logro 1: O 80% dos grupos de traballo plantexados na aula son paritarios.

- **OBXECTIVO 3:** Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.

Acción 1: En datas de celebración do calendario escolar relaconadas coa materia de igualdade potenciarase a realización de actividades tradicionalmente femeninas nas que ambos sexos participen por igual sin sesgos por razón de xénero.

Indicador de Logro 1: O 80% do alumnado masculino é capaz de realizar habitualmente tarefas tradicionalmente femeninas.

